



DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO.CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO),

FAI SABER: Que nos vindeiros días celebraranse as **Feiras e Festas de “As San Lucas”**, as Feiras máis antigas de Galicia e por tanto un dos principais activos turísticos da nosa localidade.

Que o equipo de goberno é consciente da complexidade deste evento así como dos trastornos que da súa organización se derivan para a cidadanía. Polo tanto, **solicítase a comprensión e a colaboración dos veciños e veciñas de Mondoñedo para velar, entre todos, polo seu correcto desenvolvemento ao tempo que aproveitamos para pedirllas desculpas polas molestias ocasionadas, informando que as medidas restritivas ou limitativas obedecen a indicacións de seguridade .**

O equipo de goberno vese na obriga de adoptar as seguintes medidas co fin de velar pola seguridade dos veciños, veciñas e visitantes, sendo varias delas requisitos en relación ás emerxencias e seguridade, así como para contribuír ao correcto desenvolvemento e organización das nosas feiras e festas máis emblemáticas polo que **durante os días 16,17, 18, 19 e 20 de outubro:**

- Queda prohibido o acceso rodado e o estacionamento de vehículos polo centro desta cidade, salvo vehículos autorizados.

- Queda prohibido o acceso rodado e o estacionamento no Campo da Feira No caso de vehículos que transporten gando ou maquinaria, só se permitirá a súa carga/descarga nos horarios que a organización estableza e nunca se permitirá o seu estacionamento.

- Queda prohibido o acceso rodado e o estacionamento na Alameda de Os Remedios, salvo vehículos autorizados. É obrigatorio deixar libre o acceso rodado ao Centro de Saúde desde a Travesía Carlos Folgueira así como o acceso a Alameda e ata o propio edificio.

- Queda totalmente prohibido colocar postos dende o antigo Centro Comarcal -incluíndo a fachada do mesmo- situado na Rúa Julia Pardo, en toda a Rúa Guevara e ata a entrada da casa do número 22 na Rúa Bispo Sarmiento, no lado dereito subindo cara a Alameda. Mentres que no lado esquerdo -subindo cara á Alameda-, tampouco se permitirá dende o Centro Comarcal, toda a Rúa Guevara e toda a rúa Bispo Sarmiento, excepto os negocios con actividade económica en Mondoñedo que o soliciten previamente e terraza ou espazo análogo, sempre e cando deixen as distancias que permitan a circulación rodada en caso de ser necesario.

- Queda prohibido a colocación de postos na Rúa Vicedo, salvo expresa autorización.

- Queda prohibido a colocación de postos na Rúa Marina Mayoral, colocándose nesta rúa motobomba, salvo expresa autorización da comisión.

- Queda prohibido a colocación de postos na zona do Hospital San Pablo e Centro médico.

- Tódolos postos deberán contar con autorización expresa.

- Estarán habilitados como aparcadoiros municipais nestas datas o recinto da Granxa e as fincas de Hipólito, unha fronte ao antigo aserradeiro en San Lázaro, dúas no antigo Parqué, no Carrascal e a instalacións de FINSA.

O que se fai público para xeral coñecemento

Mondoñedo, na data da sinatura

A Alcaldesa

Asdo.: M^a Elena Candia López

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

